

**M^a MONTSERRAT MULET SAR, ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE PARADELA (LUGO).**

INFORMA:

Que co motivo do comunicado recibido nesta Administración pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil , en data 07 de xullo de 2026, sobre : “O uso responsable da auga é cousa de tod@s e a concienciación social do bo uso do recurso como factor clave”, este Concello pon en coñecemento da cidadanía a necesidade da prioridade do uso doméstico da mesma e recomenda como medidas de contención e aforro efectivas, entre outras, as indicadas a continuación:

- Restricións de usos e destinos non prioritarios.
- Redución da presión nocturna en redes urbanas, no caso de que fora necesario.
- Aviso ao Concello de calquera fuga na rede de abastecemento da que teñan constancia, para poder reparala o antes posible.
- Evitar consumos excesivos.

Todo o anterior, para insistir na concienciación social do bo uso da “auga” e na adopción das medidas de aforro individual e familiar, para previr os efectos ao medio prazo.

En Paradelas na data da sinatura electrónica á marxe.

A Alcaldesa

